

## COPA GALICIA DE CLUBS, CATEGORÍA CADETE 2017

1.- ORGANIZACIÓN: Federación Galega de Xadrez, Sporting Club Casino e Club Iniciativas Deportivas Universitarias.

2.- DATA: Sábado, 03 de Xuño de 2017.

3.- HORARIOS:

11:00 h. - Presentación equipos.	
11:30 h. - Rolda 1.	12:30 - Rolda 2.
13:30 h. - Rolda 3.	17:00 - Rolda 4.
18:00 h. - Rolda 5.	19:00 - Rolda 6.
20:15 h. - Entrega de premios.	

Os horarios definitivos das roldas confirmaranse na presentación dos equipos.

4.- LOCAL DE XOGO: Sporting Club Casino sito na Rúa Real, Nº 83 – A Coruña.

5.- SISTEMA E CALENDARIO DE XOGO:

Sistema Suízo, a seis (6) roldas e será valedreiro para elo FIDE.

Equipos formados por catro (4) taboleiros. A puntuación será por encontro (2, 1, 0), sendo o primeiro sistema de desempate a puntuación total por taboleiros.

Os demais sistemas de desempate serán publicados na sala de xogo ó comezo do torneo xunto coas bases técnicas.

O ritmo de xogo será de 15 minutos con incremento de 5 segundos/xogada, ou ritmo similar en duración.

O sistema de xogo, número de roldas e ritmo de xogo podería variar en función do número de equipos participantes.

6.- PARTICIPACIÓN:

Poderán participar nesta competición todos os equipos de clubs galegos, que teñan tramitada a ficha federativa correspondente á temporada da competición do calendario (tempada 2017).

Cada club poderá presentar tantos equipos como desexe, sempre que cada un dos seus xogadores e xogadoras, ademais de ter tramitada a ficha federativa individual con ese equipo, non forme parte, en ningunha fase da competición "Copa Galicia" doutro equipo.

Queda excluída por tanto a posibilidade de formar equipos con membros de dous ou mais clubs, así como a participación dun único xogador ou xogadora en mais dun equipo.

Un xogador ou xogadora formará parte dun equipo dende o momento no que o seu club presente o orde de forza dese equipo para a competición.

Por tanto **queda expresamente prohibido o traspaso de xogadores e xogadoras entre equipos dun mesmo club**, incluso despois de que o equipo sexa eliminado da competición, independentemente de que estes figuraran como titulares ou suplentes, ou participaran ou non activamente nas partidas deste equipo.

7.- EQUIPOS:

Cada equipo estará formado por un mínimo de 5 xogadores/as e un máximo de 10; dos que 4 xogarán cada enfrontamento, quedando os restantes como suplentes para ese enfrontamento.

Esta alíñación pode variar en cada enfrontamento, podendo aliñar calquera combinación de 4 xogadores/as dentro da lista presentada.

Os catro xogadores ou xogadoras respetarán en todo momento a orde de forza entregado na inscrición, sendo este válido durante toda a competición, incluso entre fases. Esta orde de forza consiste nunha lista numerada e ordenada de xogadores e xogadoras e indica en que taboleiro se sentará cada un ou cada unha fronte aos seus rivais.

A orde de forza non debe alterarse en ningún momento, dado que ante calquera incidencia están previstos un mínimo de dous suplentes. Non se admitirá ningún retraso nin aprazamento por non estar presentes na sala de xogo no momento de presentarse a incidencia que motive a súa intervención.

Tampouco hai límite máximo polo que o equipo que non logre aliñar 4 persoas, quedará automaticamente eliminado, sendo proposto para sanción por parte do comité de competición da FEGAXA.

**Composición dos equipos:** Tódolos xogadores/as deberán ter licenza da tempada da competición según o calendario oficial sendo da categoría cadete ou inferior.

## 8.- INSCRICIÓNS:

### COTA:

Campionato	Cota/Equipo
Copa Galicia, categoría cadete	20 €

### LUGAR E PRAZO:

A través dos clubs na Federación Galega de Xadrez **enviando o anexo 1 correctamente cumplimentado ao e-mail: [fegaxa@fegaxa.org](mailto:fegaxa@fegaxa.org)** presentando a orde de forza definitiva. **O ingreso da inscrición deberá ir adxunto á mesma.**

Ata o día **31 de Maio de 2017 (incluído)**. Non se admitirán inscricións pasada esa data.

**Abanca IBAN: ES48 2080 0567 0130 4000 2121.**

## 9.- PREMIOS:

Posto	Premios	
1º	Trofeo	Premio 200 €*
2º	Trofeo	Premio 100 €*
3º	Trofeo	Premio 100 €*
4º	Trofeo	
5º	Trofeo	

(\* ) Aplicaranse as retencións legais



Vigo, a 09 de Maio de 2017.

Federación Galega de Xadrez